

"5 Urbanismo, obras e servizos

5.1 Resolución de expedientes de contratación

5.1.1 Resolución do expediente de contratación do contrato de obras "Dotación dun campo de herba artificial no campo de fútbol de Corme".

Por providencia de alcaldía de data 03-10-2008, aprobouse iniciar o expediente para a contratación da obra "Dotación dun campo de herba artificial no campo de fútbol de Corme", motivando a necesidade e idoneidade da contratación proposta.

Con data 9-10-2008 incorporouse ao expediente o Prego de Cláusulas Administrativas Particulares que han de rexer a adxudicación do contrato. O Prego que rixe a contratación é o elaborado pola Deputación Provincial, publicado no BOP nº 98, do martes, 20 de abril de 2008.

Mediante resolución de Alcaldía número 269, do 09 de outubro, aprobouse o expediente e o Prego de Cláusulas Administrativas para a adxudicación do contrato de obra "Dotación dun campo de herba artificial no campo de fútbol de Corme, por procedemento aberto con multiplicidade de criterios de valoración, así mesmo se procedeu a autorizar o gasto ue supón a súa adxudicación.

Con data 26-11-2008, certificáronse as ofertas que constan no expediente.

Con data 23-02-2009, vistas as Actas da Mesa de Contratación, e a súa proposta de adxudicación, o órgano de contratación adxudicou provisionalmente a favor da empresa CONSTRUCCIONES LÓPEZ CAO, S.L. o contrato da obra "Dotación dun campo de herba artificacil no campo de fútbol de Corme", polo prezo de 315.526,10 euros (272.005,26 euros de execución material e 43.520,84 euros de IVE).

Con data 04-03-2009, a adxudicación provisional publicouse no Perfil de Contratante do órgano de contratación, e con data 13-03-2009, notificouse a todos os candidatos licitadores.

A adxudicación provisional notificouse ao adxudicatario CONSTRUCCIONES LÓPEZ CAO, S.L. , requiríndoo para que presentase a documentación xustificativa de encontratrse ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social e constiuíse a garantía definitiva.

Con data 18-03-2009, o adxudicatario provisional CONSTRUCCIONES LÓPEZ CAO, S.L. constituíu a garantía definitiva por importe de

13.600, 23 euros (trece mil seiscientos euros, vinte e tres céntimos) e presentou os documentos xustificativos esixidos.

Examinada a documentación que a acompaña, visto o informe de Secretaría, e de conformidade co establecido no artigo 135.4 e na Disposición Adicional Segunda da Lei 30/2007, de 30 de outubro, de Contratos do Sector Público.

A Xunta de Goberno Local, acorda:

PRIMEIRO: Elevar a definitiva a adxudicación provisional do contratos de obras para a "Dotación dun campo de herba artificial no campo de fútbol de Corme", aprobada por acordo da Xunta de Goberno Local de data *, a favor da empresa CONSTRUCCIONES LÓPEZ CAO, S.L.

SEGUNDO: Dispoñer o gasto por un importe total de 315.526,10 euros con cargo á partida orzamentaria 2008.452.8p.601.00 do orzamento municipal.

TERCEIRO: Notificar a adxudicación definitiva aos licitadores que non resultaron adxudicatarios.

CUARTO: Notificar a CONSTRUCCIONES LÓPEZ CAO. S.L., adxudicataria do contrato, o presente acordo e citalo para a sinatura do contrato que terá lugar dentro do prazo de 10 días hábiles, a contar dende o seguinte o da notificación da adxudicación definitiva.

QUINTO: Publicar a adxudicación definitiva do contrato de obra "Dotación dun campo de herba artificial no campo de fútbol de Corme", no Perfil do Contratante e no Boletín Oficial da Provincia no prazo de 48 días a contar a partir da data de adopción do presente acordo.

SEXTO: Comunicar os datos básicos do contrato ao Rexistro de Contratos do Sector Público, de conformidade co disposto no artigo 308.3 da Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do Sector Público.